

## Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 6 de outubro de 2022 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

### **1. Aprobación das actas das reunións anteriores.**

A Xunta de Escola aproba as actas da reunión ordinaria de 09/06/2022 e de tres reunións extraordinarias de 16/06/2022, 23/06/2022 e 21/07/2022.

### **4. Solicitudes dispensa de clase.**

A Xunta de Escola aproba as seguintes dispensas de asistencia a clase:

No Máster en Enxeñaría Ambiental, houbo unha solicitude de dispensa para todo o curso do alumno Pablo Jiménez Prada. Foi aprobada a dispensa para o 1º cuatrimestre e rexeitada a do 2º cuatrimestre por non cumplir requisitos.

No Grao en Enxeñaría Química, para a alumna Sandra Rodríguez, concedida a dispensa só para as compoñentes de avaliación non obligatorias das materias solicitadas, excepto en Automática Industrial (non concedida). A solicitude do alumno Guillermo González foi rexeitada por non cumplir requisitos.

No Grao en Intelixencia Artificial foi rexeitada unha dispensa de clase por non ser procedente (materias xa recoñecidas).

### **5. Modificacións de horarios de grao.**

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos horarios dos Graos:

No Grao en Enxeñaría Química houbo un cambio en 3º curso, nas prácticas de Transferencia de materia e de Fundamentos de máquinas e resistencia de materiais do 31 de outubro (véspera de festivo), que pasan a venres 4/11.

No Grao en Enxeñaría Informática:

Houbo unha reubicación dos cursos GrEI: 1º e 2º pasan ao Edificio ETSE e Monte da Condesa, e 3º e 4º ao Edificio IA-Emprendia. Só afecta ás aulas, non aos horarios. Ademais, no inicio do curso tivo que se facer nova relocalización das clases porque non estaban dispoñibles dúas aulas de prácticas. Fixérонse cambios de aula, sen afectar aos horarios.

Ademais destes cambios, no 3º curso, Enx. do Software cambia a sesión expositiva do mércores (12-13h) para o luns de 11 a 12h. Tamén se intercambian os grupos de prácticas de Computación Distribuída-2 (de martes pasa a xoves) e de Intelixencia Artificial-4 (de xoves pasa a martes), mantendo os horarios de 15:30 a 18:30h. Tamén foi necesaria facer unha renumeración de grupos en 2º curso, intercambiando os grupos Redes 4 e 5 entre si.

En 4º curso houbo cambios motivados polas materias optativas que pasan a ter 2 grupos de prácticas:

- Almacéns e minaría datos: 2º grupo o luns de 11:30 a 14h
- Coñecemento e Razoamento Automático: 2º grupo o mércores de 11:30 a 13:30h
- Sistemas intelixentes: 2º grupo o luns de 9 a 11:30h
- Enx. Servizos: reduce de 2 a 1 grupo. Eliminado o grupo do luns, fica só o mércores.

#### **6. Modificación data defensa TFG do Grao en Enxeñaría Química.**

A Xunta de Escola aproba o cambio de data de defensa de TFG no Grao en Enxeñaría Química da convocatoria de febreiro, para o 16/02/2023.

#### **7. Aprobación, se procede, da proposta de medidas da ETSE en relación á Instrucción da Xerencia IV/2022.**

A Xunta de Escola aproba as seguintes medidas:

- Peche da ETSE ás 21h.
- Peche do centro entre 23/12/2022 e 9/01/2023.
- Control da iluminación na ETSE, apagando as luces innecesarias. Tarefa encomendada á Conserxería da ETSE, pero ten que ser un pouco traballo de todos (aulas, despachos).
- Continuación do proceso de cambio de luminarias a equipamentos LED.

#### **8. Creación de grupo de traballo de estratexia enerxética da ETSE.**

A Xunta de Escola aproba a creación dun grupo de traballo de estratexia enerxética da ETSE coa seguinte composición:

Julia González Álvarez, Directora da ETSE:

Juan Manuel Garrido Fernández, Director do Departamento de Enxeñaría Química

José Ángel Taboada González, en representación do Departamento de Electrónica e Computación

Andrés Fernández Macías, representante do alumnado na Xunta de Escola

José Manuel Sánchez González, Técnico de laboratorio da ETSE

Alejandro Martínez Diéguez, Responsable PAIS ETSE

José Ángel Castro Vázquez: Coordinador de servizos xerais da Agrupación ETSE, Fac. Física, Fac. Óptica e Optometría, Ed. Emprendia

Juan José Casares Long, Prof. Emérito do Dept. De Enxeñaría Química

Javier López Fandiño, Prof. Axudante Doutor do Dept. de Electrónica e Computación

Fica pendente a incorporación dalgún/ha investigador/a da ETSE.

#### **9. Aprobación das modificacións no Regulamento de TFG do Grao en Enxeñaría Informática.**

A Xunta de Escola aproba as seguintes modificacións no Regulamento de TFG do Grao en Enxeñaría Informática:

- No artigo 3 a anterior redacción “Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, o TFG ten asignados 16,5 créditos obligatorios” substitúese por “O TFG ten asignados o número de créditos obligatorios que indique o correspondente Plan de Estudos”.
- O capítulo 2 pasa de titularse “Anteproxectos” a titularse “Propostas e asignación de TFGs”.
- Desaparece o artigo 10 “Propostas de TFG” e o anterior artigo 11 “Requisitos do alumnado” pasa a ser agora o novo artigo 10.
- O artigo 12 pasa a ser o artigo 11 e a redacción “Calquera estudiante que cumpla os requisitos indicados no artigo 11 poderá enviar á Comisión de Traballos Fin de Grao unha solicitude de asignación de Traballo” substitúese por “Todo estudiante matriculado na materia de TFG ten dereito a unha asignación de TFG. Esta asignación realizarase a través dun dos procedementos previstos nos artigos 12 e 13. O resultado da asignación formalizarase a través dun documento de acordo que a/o estudiante debe enviar á Secretaría da ETSE empregando os mecanismos que esta estableza.”
- Establécese un novo artigo 12, Asignación Directa, “A asignación de TFG pode realizarse como resultado dun acordo directo entre alumnado que cumpla os requisitos indicados no artigo 11 e o PDI con capacidade para proponer TFG ou para exercer o labor de cotitoría, segundo o artigo 7. O alumnado deberá contactar ca/o titora/titor da proposta que acorde, co fin de elaborar convxuntamente o documento de acordo. Este acordo deberá ser presentado no curso académico no que se asigna a proposta.”
- O artigo 13 pasa a denominarse en lugar de Asignación de Propostas “Asignación a través de petición de propostas de TFG publicadas”. A redacción pasa a ser “Os departamentos con docencia na titulación comunicarán cada curso académico ao centro o listado de titores e temas dos traballos.

Na proposta deberán indicarse como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Título do Traballo.
- b) Titoría do Traballo.
- c) Breve descripción do contido.
- d) Requisitos necesarios (materias cursadas, materias aprobadas, etc.).

e) Criterios de asignación do Traballo.

A Comisión de Traballos Fin de Grao analizará as propostas e publicará unha lista coas propostas ofertadas e que poderán ser solicitadas polo alumnado.

A asignación de Traballos realizarase tendo en conta as preferencias expresadas por cada estudiante na súa petición, seguindo os criterios establecidos nas propostas de Traballos. Unha vez publicada a listaxe de asignación, o alumnado deberá contactar ca/o titora/titor da proposta que lle foi asignada, co fin de elaborar convxuntamente o documento de acordo. Este acordo deberá ser presentado no curso académico no que se asigna a proposta. “

- O artigo 14 Asignación Directa desaparece e o anterior artigo 15 Prazo de presentación sería agora o artigo 14. A súa redacción “O Anteproyecto terá que ser entregado por correo electrónico á Secretaría Administrativa da Escola en formato pdf, con firma dixital ou firma escaneada, no último día laborable de febreiro para a súa defensa en xullo, no último día laborable de marzo para a súa defensa en setembro ou no último día laborable de outubro para a súa defensa en febreiro” substitúese por “O documento de acordo deberá ser entregado á Secretaría da ETSE empregando os mecanismos que esta estableza. O documento será entregado en formato pdf, con firma dixital ou firma escaneada, con data límite do último día laborable de febreiro para a súa defensa en xullo ou setembro, ou do último día laborable de outubro para a súa defensa en febreiro”
- Desaparecen os antigos artigos 16, 17, 18, 19, 20 e 21 e son substituídos polos novos artigos 15, 16, 17, 18 e 19.
- No capítulo 3 prodúcese unha renumeración motivada pola desaparición de 2 artigos no capítulo anterior manténdose a mesma redacción agás nos dous últimos artigos: artigo 24 Software desenvolvido no TFG será agora o artigo 22 e substitúe “deberase enviar á secretaría do centro a ligazón a un repositorio institucional da USC que albergue o código fonte” por “este deberá estar dispoñible nun repositorio que albergue o código fonte”. Desaparece o artigo 25 Entrega de documentación e substitúese polo artigo 23 Solicitud de defensa “Os alumnos matriculados en cada convocatoria terán que fazer a solicitud de defensa a través da súa Secretaría Virtual dentro dos prazos sinalados pola Escola.”
- O capítulo 4 Tribunal de Avaliación pasa denominarse “Modalidades de avaliação dos TFG”. Desaparecen os artigos 26 Composición e 27 Nomeamento e so aparece o novo artigo 24 Modalidades de avaliação.
- O artigo 28 pasa a ser o artigo 25 e se engade ao final “...no caso da modalidade de avaliação diante dun tribunal.”
- O artigo 29 Exposición pasa a ser o artigo 26 e establece a “...exposición oral ben diante do/a titor/a ou ben diante dun tribunal”.
- O artigo 31 pasa a ser o artigo 28 e engade ao principio “Para o caso de avaliação diante dun Tribunal...”.
- O artigo 32 que pasa a ser o artigo 29 engade ao principio “Segundo a normativa da universidade...”.

- O artigo 33 pasa a ser o artigo 30 e no apartado 1 engade ao comezo “Dependendo da modalidade de avaliación elixida polo/a estudante, a Titora ou Titor ou ben o Tribunal...”. E engade no último parágrafo “No caso de avaliación polo Titor ou Titora a cualificación final non poderá superar o 7,5”.

- O artigo 34 pasa a ser o artigo 31 e substitúe no apartado a) “A Titora ou o Titor do TFG entregará á Presidencia do Tribunal...” por “A Titora ou o Titor do TFG emitira...”; no apartado b) substitúese “...o tribunal procederá...” por “...procederase...”; o apartado c) redactado “A cualificación farase pública polo Tribunal Xulgador nos taboleiros de anuncios nun prazo máximo de dous días dende a súa lectura” substitúese por “A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios nun prazo máximo de dous días dende a súa lectura.” Logo do apartado d) o seguinte parágrafo comezaría con “A revisión será persoal. Na modalidade de avaliación diante do/da titor/titora, a revisión das cualificacións será realizada por a/o titora/titor e, no caso de ter optado a/o estudante pola defensa pública diante dun tribunal, poderá realizala un ou varios membros do Tribunal.”

- No artigo 36 que pasa a ser o artigo 33 elimínase o apartado b e se mantén so o apartado a) sen letra.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.